

A CAIXA DOS
Sorrisos

LIBROS PARA LER,
RIR E APRENDER

A TERRA É UNHA MARABILLA, DUN DESERTO ATA UNHA ILLA

CARMEN GIL
DEBUXOS SUBI





cumio

O **volcán** é un dragón
imprevisible e rosmón.
Lanza ruxidos e logo
pola boca cospe o fogo.
Incluso o ceo se inza
das súas nubes de cinza.



Hoxe o **mar** ben que abalea
polo ritmo da marea.
Baixo das ondas hai festa!,
nin o polbo dorme a sesta...
Todos nada que te nada
mentres canta un peixe espada.



Na **cova** sempre inverna
a bruxa da gran caverna.
Percorre todos os días
as escuras galerías
e tropeza na visita
con algunha estalagmita.

